



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2021								
Lugar de reunión	SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	2_2021/22	Data	19-10-2021	Hora inicio	18:30	Hora remate	19:15		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>2. Aprobación, se proceder, da Programación Xeral Anual do centro.</li> <li>3. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de Agrupación de centros convocada polo MEC</li> <li>4. Convocatoria de elección ao consello escolar</li> <li>5. Rogos e preguntas.</li> </ol>								
Asistentes	<p>DIRECTOR:Euloxio Santos Leites.XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez,Santos Seara Escudero, Mª Jesús Magariños Rey, Mónica Rodríguez Nieto, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González,</p> <p>PAS : Angeles Vçazquez Salgado</p> <p>PAIS/NAIS: Marta Dotras Botas., Mº Mar Cerviño Escaneo</p> <p>ALUMNOS/AS:</p> <p>CONCELLO: Gabriela Romero Bandeira</p>								

## Temas tratados

Antes de iniciar o tratamento da orde do día toma posesión como representante do profesorado Mar Castrillón González, en substitución da profesora Carmen Fernández Cortés.

No **primeiro** punto da orde do día, sométese a votación a acta do CE do día 14 de setembro que foi enviada xunto coa convocatoria, e non habendo observacións á mesma, apróbase por unanimidade.

No **segundo** punto da orde do día, o Director presenta a proposta de programación xeral anual do centro, que previamente foi enviada por correo electrónico. Despois de explicada, sométese a votación aprobándose por unanimidade.

No **terceiro** punto da orde do día, o Director informa que para acollerse a convocatoria do MEC polo que se convocan axudas destinadas a promover agrupacións de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns que favorezan a educación inclusiva 2021, é necesario contar coa aprobación por parte do Consello escolar. Explícase por parte do director e da profesora Mónica Rodríguez, que será a representante do centro nese proxecto, en que consiste a convocatoria e apróbase por unanimidade.

No **cuarto punto** da orde do día, infórmase que está convocada a renovación parcial do consello escolar que foi adiada o curso pasado. Corresponde renovar: 3 profesores/as, 3 alumnos/as e 1 pai/nai. O



mandato será por tres anos. O día 22 de outubro procederáse as 11,30 no despacho de dirección a sortear a composición da Xunta electoral que dirixirá todo o proceso.

En **rogos e preguntas** non se producen intervencións:

### Acordos

- a. Aprobación da PXA do curso 20212022.
- b. Aprobación da participación na convocatoria de agrupación de centros convocada polo MEC

Visto e prace moderador/a  
Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a  
Mercedes Couto García